

RÁBADE*Anuncio*

Solicitando desta Alcaldía D.Chantal Sixto González, con D.N.I.33.305.536-H en representación da Empresa FERROINOX, S.L. CON n.i.f.b-27305853, licenza municipal para a apertura dun “ Taller de carpintería metálica” a situar no Polig.Ind.1ª Fase, Parcela 19, Subparcela 2,Naves 19-21, cumprindo o disposto no art.8.1 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, coa fin de que durante o mesmo -que comezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia -poidan examina-lo expediente, na Secretaría desde Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Rábade 9 de novembro do 2011.- O ALCALDE., Francisco Xosé Fdez. Montes

R. 5262

RIBADEO*Anuncio***APERTURA DE PRAZO DE CONVOCATORIA PUBLICA DE SUBVENCIÓNS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA DO CONCELLO DE RIBADEO EN MATERIA DE DEPORTES**

Aprobadas por Resolución da Alcaldía Presidencia de data 10 de Novembro de 2011, as bases reguladoras da convocatoria pública de Subvencións Municipais do Concello de Ribadeo para o exercicio 2011 referente a actividades deportivas, faise público un extracto das mesmas así como a apertura de prazo para presentación de solicitudes, có seguinte tenor:

Finalidade e obxecto.- A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para que os interesados realicen actividades deportivas ou de participación e fomento do deporte.

Destinatarios.- Establécense tres categorías de axudas: á actividade competitiva, para organización de eventos deportivos e para actividades deportivas. Poderán participar na convocatoria entidades asociativas e clubs do termo municipal de Ribadeo, así coma deportistas persoas físicas que compitan ou participen en actividades ou competicións deportivas de carácter individual.

Procedemento e Prazo.- As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Ribadeo, no prazo de 20 días naturais contados dende o seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, puidendo presentarse conxuntamente a solicitude e a xustificación, de ser o caso.

Documentación a presentar, requisitos e contías máximas- A documentación figura relacionada na base 8ª das aprobadas pola resolución da Alcaldía, existindo modelos a disposición dos solicitantes na páxina web www.ribadeo.org e nas oficinas municipais. Asimesmo, na base 3ª figuran os requisitos a cumprir polos posibles beneficiarios e as contías máximas serán de:

- Axudas á actividade competitiva: 12.000,00€
- Axudas á organización de eventos: 2.000,00€
- Axudas para actividades deportivas: 2.000,00€

Xustificación.- O prazo de xustificación rematará, improrrogablemente, o 20 de decembro de 2011.

Poderase consultar o texto íntegro das Bases Reguladoras nas dependencias municipais e na páxina web www.ribadeo.org

Ribadeo, 10 de novembro de 2011.- O ALCALDE, Fernando Suarez Barcia

R. 5263

*Anuncio***APERTURA DE PRAZO DE CONVOCATORIA PUBLICA DE SUBVENCIÓNS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA DO CONCELLO DE RIBADEO EN MATERIA DE CULTURA E SERVIZOS SOCIAIS**

Aprobadas por Resolución da Alcaldía Presidencia de data 10 de Novembro de 2011, as bases reguladoras da convocatoria pública de Subvencións Municipais do Concello de Ribadeo para o exercicio 2011 referente a actividades culturais e de asistencia e benestar social, faise público un extracto das mesmas así como a apertura de prazo para presentación de solicitudes, có seguinte tenor:

Finalidade e obxecto.- A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para que os interesados realicen as seguintes actividades: Culturais e de Asistencia e Benestar Social e, con carácter

xeral, todas aquelas actividades de interese para os veciños do Concello que representen unha mellora da calidade de vida dos mesmos ou da cohesión social.

Destinatarios.- Entidades e asociacións sen fins de lucro, domiciliadas en Ribadeo, legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, e as persoas físicas ou colectivos para iniciativas temporais de interese cidadá, sen ánimo de lucro, sempre que en ambos casos non teñan recoñecida subvención nominativa nos Orzamentos Municipais. Excepcionalmente cando a actividade teña interese para o municipio, xa sexa de carácter social, económico ou humanitario poderase conceder unha subvención a entidades foráneas, ou non inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, fundamentando o interese mediante achega de memoria ó efecto.

Procedemento e Prazo.- As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Ribadeo, no prazo de 20 días naturais contados dende o seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, puidendo presentarse conxuntamente a solicitude e a xustificación, de ser o caso.

Documentación a presentar.- A que figura na base 5ª das aprobadas pola resolución da Alcaldía, existindo modelos a disposición dos solicitantes na páxina web www.ribadeo.org e nas oficinas municipais.

Xustificación.- O prazo de xustificación rematará, improrrogablemente, o 20 de decembro de 2011.

Poderase consultar o texto íntegro das Bases Reguladoras nas dependencias municipais e na páxina web www.ribadeo.org

Ribadeo, 10 de novembro de 2011.- O ALCALDE, Fernando Suarez Barcia

R. 5264

Anuncio

Transcorridos 30 días hábiles de exposición pública do acordo plenario de 19 de setembro de 2011, polo que se aprobou inicialmente o texto da Ordenanza Fiscal número 15 reguladora do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, tendo sido presentara alegación e desestimada por acordo plenario de data 9 de novembro de 2011, aprobouse definitivamente o texto da Ordenanza fiscal, procedéndose á publicación íntegra da mesma:

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 15 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

CAPÍTULO I. FEITO IMPOÑIBLE.

Artigo 1

1. Constitúe o feito imponible do imposto o incremento de valor que experimenten os terreos de natureza urbana e que se poña de manifesta a consecuencia da transmisión da súa propiedade por calquera título ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os referidos bens.
2. O título a que se refire o apartado anterior será todo feito, acto ou contrato, calquera que sexa a súa forma, que orixine un cambio do suxeito titular das facultades dominicais de disposición ou aproveitamento sobre un terreo, teña lugar por ministerio da lei, por actos mortis-causa ou inter-vivos, a título oneroso ou gratuito.

Artigo 2

Terán a consideración de terreos de natureza urbana, o solo clasificado polo planeamento urbanístico como urbano; os terreos que teñan a consideración de urbanizables segundo o planeamento e estean incluídos en sectores, así como o resto do solo clasificado como urbanizable a partir do momento de aprobación do instrumento urbanístico que o desenvolva, e o que reúna as características contidas no artigo 8 da Lei 6/1998, de 13 de abril, sobre Réxime de Solo e Valoracións. Terán a mesma consideración aqueles solos nos que poidan exercerse facultades urbanísticas equivalentes ós anteriores segundo a lexislación autonómica.

Exceptúase da consideración de solo de natureza urbana o que integre os bens inmuebles de características especiais.

Artigo 3

1. Non están suxeitas a este imposto e, por tanto, non deveñan o mesmo, as transmisións de terreos de natureza urbana que se realicen con ocasión de: